

ACTA DE ASEMBLEA XERAL EXTRAORDINARIA URXENTE DA ASOCIACIÓN LIGA NOROESTE

De forma telemática participan os socios da ALN na Asemblea Xeral en sesión extraordinaria urxente **o mércores día 04 de xaneiro de 2023**, en única convocatoria ás 20:30h a través do correo administracion@ligalgt.com.

ORDE DO DÍA:

1. Aprobación, se procede, da proposta sobre a fiscalidade das cotas sociais. Esta proposta leva aparelados cambios nos Estatutos e na Normativa de Competición.

Asistentes: SD Tirán-Pereira, SD Tirán-Pereira FEM, SD Samertolameu-Oversea, SD Samertolameu-Oversea B, CM Bueu-Teccarsa, CR Cabo da Cruz, CR Cabo da Cruz FEM, CR Mecos, CR Puebla, CR Puebla FEM, CR Rianxo, CR Rianxo FEM, CCD Cesantes-Rodavigo, CR Narón, CM Mugardos, CR Salgado-Perillo, CR Salgado-Perillo FEM, Amegrove CR, CR Vila de Cangas, CR Chapela, CR Chapela FEM, CM Mugardos-A Cabana Ferrol FEM, CRN Riveira.

Ausentes: CDM Mera, CR Muros, CR Cedeira, CM Castropol, CM Castropol FEM.

Delegacións: Non hai.

Procédese coa orde do día.

1ª Orde de do día: Aprobación, se procede, da proposta sobre a fiscalidade das cotas sociais. Esta proposta leva aparelados cambios nos Estatutos e na Normativa de Competición.

- Favor: SD Tirán-Pereira, SD Tirán-Pereira FEM, SD Samertolameu-Oversea, SD Samertolameu-Oversea B, CM Bueu-Teccarsa, CR Cabo da Cruz, CR Cabo da Cruz FEM, CR Mecos, CR Puebla, CR Puebla FEM, CR Rianxo, CR Rianxo FEM, CCD Cesantes-Rodavigo, CR Narón, CM Mugardos, CR Salgado-Perillo, CR Salgado-Perillo FEM, Amegrove CR, CR Vila de Cangas, CM Mugardos-A Cabana Ferrol FEM.

- Abstencións: Non.

- Contra: CR Chapela, CR Chapela FEM, CRN Riveira.

Apróbase.

Cambios aparellados á proposta anterior:

PRIMEIRO

RELACIÓN: Estatutos

CONCEPTO: Cota de inscrición.

MODIFICAR:

Artigo 8º- Son requisitos para ser socio:

d.- Aboar a cota de inscrición, que se fixa na cantidade de 2.400,00 euros por cada equipo que inscriba o club. O pagamento farase do seguinte xeito:

1.200,00 euros (50%) con data límite o 10 de xaneiro.

1.200,00 euros (50%) con data límite o 10 de marzo.

A cota de inscrición poderá ser modificada pola Asemblea Xeral, sen que sexa necesaria a modificación dos Estatutos.

PROPOSTA:

Artigo 8º- Son requisitos para ser socio:

d.- Aboar a cota de inscrición, que se fixa na cantidade de **200,00 euros** por cada equipo que inscriba o club. O pagamento farase do seguinte xeito:

100,00 euros (50%) con data límite o 10 de xaneiro.

100,00 euros (50%) con data límite o 10 de marzo.

A cota de inscrición poderá ser modificada pola Asemblea Xeral, sen que sexa necesaria a modificación dos Estatutos.

APRÓBASE.

SEGUNDO

RELACIÓN: Estatutos

CONCEPTO: Fianza.

NOVO ARTIGO. PROPOSTA:

Artigo 8º- Son requisitos para ser socio:

f.- Aboar unha fianza, que se fixa na cantidade de 2.200,00 euros por cada equipo que inscriba o club como garante para tomar parte nas actividades que organice a Asociación.

O pagamento farase do seguinte xeito:

1.100,00 euros (50%) con data límite o 10 de xaneiro.

1.100,00 euros (50%) con data límite o 10 de marzo.

Esta fianza será devolta ao final do ano en curso no caso de que o equipo participe activamente nas actividades organizadas pola Asociación.

APRÓBASE.

TERCEIRO

RELACIÓN: Normativa Competición.

CONCEPTO: Importe cota.

MODIFICAR:

Artigo 1.- PARTICIPANTES ALN

a) Os clubs que cumbran os seguintes requisitos:

1. Aportar unha inscrición na conta da Asociación Liga Noroeste de 2.400€ pola inscrición do primeiro equipo masculino, de 2.400€ máis no caso de participar cun equipo B e de 2.400€ no caso de participar cun equipo feminino. Os prazos para os pagos son os seguintes: 50% ANTES DO 10 DE FEBREIRO DO ANO EN CURSO PARA CLUBS DE LIGA A. 50% ANTES DO 10 DE MARZO DO ANO EN CURSO PARA CLUBS DE LIGA B E LIGA FEM. Así mesmo, indicar por escrito que o club socio quere participan na LGT, en caso de non indicalo o club será socio da ALN pero non participante da LGT.

PROPOSTA:

Artigo 1.- PARTICIPANTES ALN

a) Os clubs que cumbran os seguintes requisitos:

1. Aportar unha inscrición na conta da Asociación Liga Noroeste de 200€ pola inscrición do primeiro equipo masculino, de 200€ máis no caso de participar cun equipo B e de 200€ no caso de participar cun equipo feminino. Os prazos para os pagos son os seguintes: 50% ANTES DO 10 DE FEBREIRO DO ANO EN CURSO PARA CLUBS DE LIGA A. 50% ANTES DO 10 DE MARZO DO ANO EN CURSO PARA CLUBS DE LIGA B E LIGA FEM. Así mesmo, indicar por escrito que o club socio quere participan na LGT, en caso de non indicalo o club será socio da ALN pero non participante da LGT.

APRÓBASE.

CUARTO

RELACIÓN: Normativa Competición.

CONCEPTO: Cota clubs Federación Asturiana.

MODIFICAR:

Artigo 1.- PARTICIPANTES ALN

a) Os clubs que cumbran os seguintes requisitos:

4. Aqueles clubs afiliados á Federación Asturiana de Remo e invitados por maioría da Asemblea Xeral da ALN que contan coa autorización da Federación Galega de Remo.

PROPOSTA:

Artigo 1.- PARTICIPANTES ALN

a) Os clubs que cumbran os seguintes requisitos:

4. Aqueles clubs afiliados á Federación Asturiana de Remo e invitados por maioría da Asemblea Xeral da ALN que contan coa autorización da Federación Galega de Remo. Estes clubs deberán aportar unha cota de inscrición de 2.400,00€ que deberán ser abonados nos mesmos prazos que os establecidos para a cota xeral. Estes clubs non deberán poñer fianza.

APRÓBASE.

QUINTO

RELACIÓN: Normativa Competición.

CONCEPTO: Fianza.

NOVO ARTIGO. PROPOSTA:

Artigo 1.- PARTICIPANTES ALN

a) Os clubs que cumpran os seguintes requisitos:

6. Aportar unha fianza na conta da Asociación Liga Noroeste de 2.200€ pola inscrición de cada un dos equipos. Os prazos para os pagos serán os mesmos que os recollidos para a cota social.

Esta fianza será devolta ao final do ano en curso, toda vez que o equipo participe activamente na Liga Galega de Traiñeiras.

No caso de que un club non se presentase a dúas regatas, a devolución da fianza reducirase nun 50% do que lle correspondese. No caso de non presentarse a tres ou máis regatas da Liga, o club perderá a fianza.

APRÓBASE.

SEXTO

RELACIÓN: Normativa Competición.

CONCEPTO: Reparto GP Xunta

MODIFICAR:

Artigo 2.- PREMIOS E REPARTO

2.4. *A cantidade que se repartirá entre os clubs participantes na Liga Galega de Traiñeiras suporá o 70 por cen da achega total da subvención concedida para a tempada pola Secretaría Xeral para o Deporte ou organismo correspondente. A porcentaxe poderá variar segundo acordo da Asemblea Xeral da ALN e ratificada pola Secretaría Xeral para o Deporte.*

PROPOSTA:

Artigo 2.- PREMIOS E REPARTO

2.4. A cantidade que se repartirá entre os clubs participantes na Liga Galega de Traiñeiras será a diferenza entre a devolución da fianza e o 70% do total da subvención concedida para a tempada pola Secretaría Xeral para o Deporte ou organismo correspondente. A porcentaxe poderá variar segundo acordo da Asemblea Xeral da ALN e ratificada pola Secretaría Xeral para o Deporte.

APRÓBASE.

Queda polo tanto aprobada a proposta única desta Asemblea coas propostas de modificación de Estatutos e Normativa de Competición que levan consigo aparelados.

Polo tanto serán modificados os Estatutos e Normativa de Competición con data da presente Asemblea. Posteriormente os Estatutos serán levados ao Rexistro Central de Asociacións.

Sen máis asuntos que tratar levántase a sesión ás 21:00h.


A 04 de xaneiro de 2023

O PRESIDENTE,



Javier Rodríguez Barros

A SECRETARIA,



Montserrat Canedo Souto

ASEMBLEA 04/01/2023

Documento que reflexa as votacións da orde do día:

CLUB	ASISTE	DELEGA	FISCALIDADE			
SD TIRÁN-PEREIRA	SI	.	F			
SD TIRÁN-PEREIRA FEM	SI	.	F			
SD SAMERTOLAMEU-OVERSEA	SI	.	F			
SD SAMERTOLAMEU-OVERSEA B	SI	.	F			
CM BUEU-TECCARSA	SI	.	F			
CR CABO DA CRUZ	SI	.	F			
CR CABO DA CRUZ FEM	SI	.	F			
CR MECOS	SI	.	F			
CDM MERA	NON	NON	.			
CR PUEBLA	SI	.	F			
CR PUEBLA FEM	SI	.	F			
CR RIANXO	SI	.	F			
CR RIANXO FEM	SI	.	F			
CCD CESANTES-RODAVIGO	SI	.	F			
CR NARÓN	SI	.	F			
CM MUGARDOS	SI	.	F			
CR MUROS	NON	NON	.			
CR SALGADO-PERILLO	SI	.	F			
CR SALGADO-PERILLO FEM	SI	.	F			
CR CEDEIRA	NON	NON	.			
CR VILA DE CANGAS	SI	.	F			
AMEGROVE CR	SI	.	F			
CR CHAPELA-WOFCO	SI	.	C			
CR CHAPELA-WOFCO FEM	SI	.	C			
CM CASTROPOL	NON	NON	.			
CM CASTROPOL FEM	NON	NON	.			
CM MUGARDOS-A CABANA FERROL FEM	SI	.	F			
CRN RIVEIRA	SI	.	C			
APROBACIÓN			SI			

Lenda:

Si / Non

Nome club

F: Favor / C: Contra / A: Abstención

NOTAS

A proposta sobre a fiscalidade leva aparellada modificacións da Normativa de Competición e Estatutos que están reseñados na Acta desta Asemblea.

A proposta queda aprobada por unha maioría cualificada de 2/3 dos clubs socios.